

Recensións
Reviews

ALBANO, Mariangela (2024). *Phraséologie et phraséodidactique du français et des langues*. Paris : l'Harmattan. ISBN 978-2-336-48199-9, 380 pp.¹



Phraséologie et Phraséodidactique du français et des langues é o froito dos traballos de Mariangela Albano (2024), que comezaron cunha primeira tese sobre as metáforas desautomatizadas (2014) e cunha segunda (2020) centrada nun experimento con estudantes italo falantes nun curso de FLE para avaliar a súa comprensión e produción escrita da fraseoloxía e das metáforas. A obra encádrase en dous campos importantes: a fraseoloxía e a fraseodidáctica. Cunha estrutura rigorosa, divídese en cinco capítulos imbricados ao xeito dos gabiáns dunha planta rubideira que tratan múltiples dimensións do fenómeno fraseolóxico. Os dous primeiros inscribíense na análise do percorrido das unidades fraseolóxicas, desde a súa formación, pasando pola súa instalación (fixación) ata chegar á creatividade lingüística e á desautomatización. Os tres seguintes dedícanse ao estudo diacrónico da fraseodidáctica,

desde o seu nacemento da man de C. Bally ata o día de hoxe, alén dun estudo sincrónico que compara os enfoques de ensino da fraseoloxía en tanto «fenómeno que implica o sistema lingüístico en todas as súas dimensións» («*phénomène qui implique le système linguistique dans toutes ses dimensions* », p. 19). A autora baséase en catro ideas principais: 1) A fraseoloxía é unha disciplina lingüística que se pode aplicar á didáctica das linguas; 2) A fixación está estreitamente vencellada á creatividade discursiva das persoas interlocutoras, polo que as súas realizacións poden estar desautomatizadas para efectos estilísticos; 3) O enfoque cognitivo axudou á instrumentalización da aprendizaxe da fraseoloxía, nomeadamente grazas á metáfora conceptual e á memorización de esquemas cognitivos (Tomasello, 2004 [1999]; Cacciari, 1989; Johnson, 1987; e a noción de *mappings* retomada por Lakoff e Johnson, 1999) ; 4) Non se pode deixar de lado a fraseodidáctica, dado que a aprendizaxe da fraseoloxía ten que comezar xa nos niveis iniciais (González Rey, 2007) seguindo criterios de orde formal, semántica e/ou pragmática e propoñendo métodos contextualizados.

No primeiro capítulo, «*Pour une signification du mot et de la phrase*», Albano explora os alicerces teóricos da fixación e das categorías fraseolóxicas, remitindo a Saussure (1967 [1916]) canto á noción de «palabra»² e a Bally (1951 [1909]). Este definea como unha unidade de pensamento non-descompoñible que non é necesariamente unha unidade lexicolóxica. Para esta definición de «palabra», Albano propón utilizar as nocións de

¹ Tradución do francés de Diego Rodríguez Vila (CRPIH).

² Saussure considera que o obxecto da lingüística é «a palabra falada» («*le mot parlé*»), que «constitúe por si mesma o seu obxecto» («*constitue à lui seul cet objet*», Saussure, 1967 [1916], p. 94).

morfema ou de monema (Chiss *et al.*, 2016 [1977]).³ No tocante ás estruturas libres, a súa definición apóiase na de «sintagma» de Saussure (1967 [1916], p. 170) e de Bloomfield (1984 [1933]): o encadeamento de palabras fundado na linealidade da lingua e na posible inserción de novos elementos. Albano integra a composicionalidade, subliñando a importancia das relacións entre os signos nun sintagma e o seu paradigma, e conclúe definindo a frase, seguindo a Benveniste (1966), como un instrumento de comunicación relevante do discurso.

O capítulo examina igualmente a analoxía e a aglutinación como mecanismos de produción lingüística. Por unha banda, a analoxía unifica «os procedementos de formación e de flexión» («les procédés de formation et de flexion», Saussure, 1967 [1916], p. 222), mentres que a aglutinación fusiona inconscientemente as unidades. Albano pon de relevo a súa acción diacrónica, na que a analoxía prepara o terreo para a aglutinación. Tamén aborda as palabras compostas, de comprensión difícil (Darmesteter, 1967, [1874]),⁴ que son o resultado dun mecanismo morfolóxico que «constrúe» radicais novos (Polguère, 2008, p. 79). A autora utiliza a definición de G. Gross (1996: 7) de «palabra composta», considerada como resultado da fusión gráfica mediante a abstracción do significado. Tamén diferencia entre composición e locución pola súa estrutura sintáctica interna e grazas aos procedementos de fixación, nomeadamente a ausencia de actualización libre e o carácter non-predicativo das palabras compostas.

Albano define entón o «lexema», unidade morfolóxica⁵ «estructurada arredor dun sentido expresable por un conxunto de formas de palabra só distinguibles pola flexión» («structuré autour d'un sens exprimable par un ensemble de mots-formes que seule distingue la flexion», Polguère, 2008, p. 50). Tamén define «lexía», que se materializa por medio de formas de palabra, isto é, toma diferentes formas segundo o contexto no que se insire, subliñando a autonomía das formas de palabra e a súa función gramatical variable. A autora explica que a utilización do termo «lexía» clarifica a confusión semántica. Pola súa parte, as locucións, constituídas por formas de palabra, forman parte dos sintagmas fixados e caracterízanse pola súa non-composicionalidade semántica (Polguère, 2008, p. 57).

Finalmente, Albano sinala a inestabilidade da palabra por mor da transformación e da combinación con outras unidades e menciona as regras de combinación que rexen a construción de frases. Retoma a categorización de Mejri (2011) dos niveis de realización (paradigmas abertos, clases restrinxidas, apropiación) e a noción de restrición de Polguère (2008) para os signos, limitando a súa interacción e formando combinacións non-composicionais.

³ O morfema é a unidade mínima de significado que pode ser libre (substantivos, verbos, adxectivos, adverbios etc.) ou ligada (afixos, formas contraídas). No enfoque funcionalista, o monema pode corresponderse cunha palabra, formar parte dunha palabra ou estar constituído por varias palabras. Martinet distingue os monemas gramaticais (morfemas) dos monemas léxicos (lexemas); os primeiros representan as categorías gramaticais e os segundos, o léxico.

⁴ Darmesteter no seu *Traité de la formation des mots composés dans la langue française, comparée aux autres langues romanes et au latin* (1967 [1874], p. 61).

⁵ Albano considera que o léxico está no corazón da morfoloxía: «Mesmo se a chamamos *construtiva, derivativa ou léxica*, esta parte da morfoloxía é a do léxico» («Qu'on l'appelle *constructionnelle, dérivationnelle ou lexicale*, cette partie de la morphologie est celle du lexique », Roché, 2011, p. 15).

No segundo capítulo, «Le pouvoir de la phraséologie : entre théorie et pratique», Albano explora a definición da fraseoloxía e a súa variada terminoloxía,⁶ apoiándose en dicionarios de lingüística (Mounin, 2975; Dubois *et al.*, 2001 [1994]; Neveu, 2011). As diversas definicións que propoñen converxen nun punto focal: trátase de construcións prefabricadas que presentan graos de fixación e de transparencia variables.⁷ Fálase daquela de «xiros frásticos» («tournures de phrases», p. 69), de expresións idiomáticas, de colocacións e de proverbios, que se atopan na intersección da sintaxe, da lexicoloxía e da morfosintaxe. A autora trae á luz os traballos de M. Gross dos anos 80, que revolucionaron o concepto de fixación, aplicándoos ás frases ou sintagmas cuxa combinatoria sintáctica está limitada e cuxo significado ás veces é opaco (Lépinette, 2011, p. 317).

Albano tamén analiza a estilística de Bally (1951 [1909]), que divide a fraseoloxía en intelectual e estilística, sinalando que as unidades lexicais adquiren un aspecto expresivo ao longo da súa evolución. Enumera as dimensións da linguaxe implicadas na fixación: morfolóxica (bloqueo gramatical morfolóxico, semellanza coa composición, a derivación e a gramaticalización de novos morfemas),⁸ sintáctica (bloqueo da pasivización, restricións sintácticas impostas polos constituíntes,⁹ fixación gramatical e a «non-actualización dos elementos» («non actualisation des éléments», M. Gross, 1993, p. 13)), léxica (imposibilidade de substituír unha unidade léxica por outra), semántica (non-composicionalidade, opacidade semántica, o senso figurado que deriva da metáfora, a inanalizabilidade e a inmotivación dos elementos), fonética e pragmática/conceptual.

Seguindo varios enfoques inminentes, a autora procura organizar as categorías entre sintagma, colocación e sintagma fixado. Limita entón as categorías a sete e detalla as características de cada unha:

- O idiomatismo («idiom»): expresións cun grao elevado de figuratividade e con secuencias fixas metafóricas e opacas.
- A locución («locution»): sintagma fixado situado entre a palabra e a frase fixada (Martin, 1997, p. 292).
- A colocación («collocation»): un «prêt-à-parler»¹⁰ ('listo para falar', González Rey, 2008, p. 7).
- A colocación terminolóxica («collocation terminologique»): propia das linguas de especialidade.
- O proverbio («proverbe»).
- O frasema («phrasème»): sintagma idiomático e enunciado idiomático.

⁶ Entre outros: clixé estilístico ou retórico, refrán, locución, idiomatismo, galicismo, frasema, palabra composta e proverbio.

⁷ A fraseoloxía é tamén a disciplina que estuda estas construcións.

⁸ Por exemplo: *par le biais de, étant donné que, de ce fait, désormais*.

⁹ O grao de fixación mídese en función das «posibilidades transformacionais» («possibilités transformationnelles», G. Gross, 1996: 78).

¹⁰ Cuxos constituíntes presentan unha gran solidariedade para formar combinacións libres ou fixas.

Para introducir a séptima categoría, a desautomatización, Albano aborda os traballos cognitivistas sobre as metáforas conceptuais nos modismos¹¹ (Lakoff e Johnson, 1980 e 1999). Neles explícase que o sentido metafórico pode entenderse mediante correspondencias (*mappings*) entre o significado inicial e o final. Tamén sinalan que o significado idiomático é a miúdo comprendido máis axiña ca o significado literal. Consecuentemente, o concepto de desautomatización defínese como un retorno á literaridade e lígase coa creatividade das persoas locutoras.¹² A autora explica que a desautomatización supón unha violación da fixación formal e da globalidade semántica.¹³ Dúas categorías resultan deste proceso: unha deslexicalización formal¹⁴ e outra semántica. Xaora, a desautomatización é unha «creatividade idiomática» baseada nunha competencia figurativa e, polo tanto, segundo o grao de fixación das expresións, obteremos tras a desautomatización variantes habituais, recorrentes e convencionais, e variantes ocasionais, propias dun momento concreto da expresión.

No terceiro capítulo, «Acquisition et apprentissage des constructions figées», a análise de Albano oríentase cara á aprendizaxe das construcións fixas no contexto da adquisición de linguas estranxeiras. En primeiro lugar, explora os enfoques cognitivista e funcionalista e mais o procesamento e comprensión destas estruturas. A adquisición dunha lingua comeza coa manipulación activa e o emprego de expresións que cumpran as funcións comunicativas. A organización do repertorio lingüístico repousa na lectura das intencións e na reprodución das unidades mínimas da lingua grazas aos *patterns* ('padróns', Tomasello, 2004 [1999], pp. 130-132). Estes organizanse en esquemas reutilizables que permitirán a instalación das unidades primarias da adquisición. Albano apunta a falta de traballos sobre a adquisición das expresións fixas en persoas adultas estudantes de linguas estranxeiras (LE) e subliña que poñen a proba as dificultades do uso correcto dos sintagmas fixados.

Para o procesamento e a comprensión das expresións idiomáticas na lingua materna e mais en linguas estranxeiras, examina as hipóteses cognitivas e da psicolingüística. A autora presenta diversos modelos: a lista idiomática (Weinrich, 1996; Bobrow e Bell, 1973; Ortony *et al.*, 1978), que supón que as expresións idiomáticas se listan no léxico mental; o modelo de codificación simultánea, que insire estas expresións no léxico, analizadas

¹¹ Mesmo se os modismos, idiomatismos ou expresións idiomáticas teñen un significado metafórico expresado por unha estrutura complexa fixada («metáforas mortas», Cruse, 1986), poden interpretarse como «metáforas conceptuais». A análise da metáfora permite partir do concreto para comprender o abstracto (o que expresa a metáfora) como no caso das expresións idiomáticas *un coup de poignard dans le dos*, 'unha puñalada nas costas', isto é, 'unha traizón'; *casser du sucre sur le dos de quelqu'un*, 'romper azucre nas costas de alguén', isto é, 'criticar alguén' (Sommant, 2003, p. 213); ou *se laisser manger (tondre) la laine sur le dos*, 'deixarse comer (tosquiar) a la do lombo', isto é, 'deixarse explotar ou roubar' (*ib.*, p. 215).

¹² Falamos da posibilidade da desautomatización cando hai unha estabilidade das secuencias fraseolóxicas grazas aos bloqueos sintagmático e paradigmático (Rey, 1997, p. 339). Daquela, a desautomatización precisa dunha fixación previa, dun proceso ficticio rematado de fixación desde unha liberdade composicional a un estado fixo. O proceso de desautomatización permítenos comprender a fixación.

¹³ É dicir, da supresión do significado composicional en favor do significado global. A unidade multiverbal desfáise para orientar o significado global "cara á literalidade" (Mejri, 2013, p. 9).

¹⁴ Fonética, morfolóxica, paradigmática etc. (Mejri, 2009, pp. 161-162).

simultaneamente nos planos literal e idiomático; a interpretación convencional (Gibbs, 1980), a saliencia (Giora, 1997) ou a pertinencia; e o modelo de configuración (Cacciari, 2001), segundo o cal o procesamento das expresións fixas segue o mesmo esquema cognitivo que o resto do léxico. Para tratar as expresións fixas en LE, Albano explica que as e os estudantes establecen relacións arbitrarias entre os elementos da expresión e pasan á tradución para validar mediante substitucións ou a reconstrución do significado.

Polo tanto, o procesamento das construcións fixas xira ao redor da opacidade semántica, da polisemia e da categorización. As expresións categorízanse segundo o seu grao de transparencia,¹⁵ influíndo sobre todo pola polisemia. Por conseguinte, constatamos un continuum existente entre o senso literal e o idiomático dunha expresión fixada por mor da polisemia de certos elementos da expresión. Para comprender a intervención da polisemia, Albano inspírase nos métodos propostos por Cacciari (2001).

Finalmente, a autora aborda o proceso de categorización (Cacciari, 2001) e a metáfora conceptual, salientando que estas metáforas axudan a detectar a coherencia e a tratar coa expresión idiomática (Gibbs *et al.*, 1997). Conclúe que a decodificación das expresións fixas pasa pola decodificación da metáfora,¹⁶ das analoxías e das categorías conceptuais.

No cuarto capítulo, intitulado «La dimension cognitive dans l'enseignement des constructions figées et défigées», Albano detense na percepción da fraseoloxía nas correntes cognitivas en tanto obxecto de aprendizaxe achegando un panorama exhaustivo dos estudos e traballos teóricos cognitivos do campo da psicoloxía ligados á lingüística. Pon de relevo as mudanzas teóricas no paradigma da lingüística cognitiva, comezando polo cognitivismo clásico influído por Chomsky (1965) e Fodor (1975), que lle concede pouco espazo ao léxico. Albano aborda entón a segunda corrente nacida da psicoloxía cognitiva (Rosch, 1968; Rosch e Lloyd, 1978), que pon o acento na analoxía e na metáfora. Seguidamente, aproxímase á terceira corrente influída pola neurociencia (Rizzolatti *et al.*, 2001; Ramachandran et Blakeslee, 2003). A autora enumera as diferentes investigacións cognitivistas sobre os idiomatismos e os refráns, baixo a perspectiva motivacional da desautomatización e da análise do procesamento/aprendizaxe das expresións fixas.

No dominio das gramáticas de construción, Albano explica que estes enfoques consideran as expresións fixas como parte integrante da lingua (Fillmore *et al.*, 1998).¹⁷ Tamén presenta unha clasificación propia das expresións idiomáticas (Albano, 2020 e 2024c): unidades para descodificar *vs.* de codificación directa; unidades gramaticais *vs.* unidades extragramaticais; e unidades con valor pragmático *vs.* sen valor pragmático. Daquela, estas construcións forman pares forma-sentido: un significante sintáctico e fonolóxico ligado a un significado e un uso (Lakoff, 1987, p. 467). Consecuentemente, as expresións fixadas oscilan entre construcións lexicamente plenas e construcións lexicamente abertas (Goldber, 2006). A autora insiste no aspecto da motivación, que

¹⁵ Segundo o grao de transparencia, hai expresións non-analizables e opacas, analizables e opacas, analizables e transparentes e cuasemetáforicas (Mcglone *et al.*, 1994: 162).

¹⁶ Estas metáforas son accesibles unha vez as persoas interlocutoras detectan «a palabra clave».

¹⁷ As persoas interlocutoras posúen coñecementos previos da lingua dos que se poden servir, como a estrutura, o tipo e a función das palabras, as regras gramaticais, a semántica de base e a pragmática.

atinxe diferentes aspectos fonolóxicos, léxicos, sintácticos e morfolóxicos. Esta pode ser intralingüística (baseada en asociacións formais e semánticas evocadas pola palabra) ou extralingüística (relacionada coa experiencia física, social ou cultural).

Albano interésase pola aplicación das gramáticas cognitivas no ensino e constata a carencia de modelos didácticos baseados nas gramáticas de construcións. Propón un esquema para a tradución que consiste na identificación da expresión, o recoñecemento das súas anomalías, a descuberta da construción de base, a identificación da orixe, a pescuda de aspectos semánticos e culturais e, finalmente, a investigación de variantes similares en LE. Tamén subliña que a motivación lingüística xoga un papel esencial na memorización das expresións.¹⁸ Está dotada dun valor didáctico, comprobado por numerosos estudos, como o de Skoufaki (2008),¹⁹ que demostra que a interpretación das unidades idiomáticas e o percorrido interpretativo do alumnado contribúe á súa autonomía e favorece a memorización das expresións.

No derradeiro capítulo, titulado «Au-delà de l'approche cognitive: les apports d'autres courants», Albano examina diferentes aproximacións ao ensino da fraseoloxía, comezando por Bally (1951 [1909]), quen insiste na detección das diferenzas entres os grupos fraseolóxicos e lle concede unha grande importancia á oralidade no momento da aprendizaxe. As fases da súa perspectiva inclúen a identificación das expresións fixas, a busca de sinónimos, o emprego de dicionarios, a equivalencia en contexto e o recurso á linguaxe científica.²⁰ No seu enfoque, Bally utiliza estratexias cognitivas e convida á reflexión sobre as posibles asociacións entre expresións, incluíndo a análise dos indicios externos e internos de cada expresión, alén do recoñecemento das diferenzas contextuais.

Albano estuda tamén a perspectiva alemá, na que o termo *Phraseodidaktik* designa o ensino sistemático das expresións fixas. Presenta o proceso da escola alemá en tres etapas (Kühn, 1994, p. 425): recoñecer e identificar as unidades fixas, comprender o seu significado en contexto e empregar activamente estas unidades. Ettinger e Bárdosi (1998) propuxeron un «dossier de pragmatisation» ('caderno de pragmatización')²¹ no que detallaron dez etapas para ensinar a fraseoloxía francesa. Máis adiante, Ettinger (2014) destaca a importancia de coñecer un mínimo fraseolóxico, diferenciando entre coñecementos activos e pasivos: no comezo da aprendizaxe dominárianse as fórmulas cotiás para encarar as colocacións e os sintagmas idiomáticos en niveis superiores. No entanto, Lüger (1997) propón unha fraseodidáctica delimitada pola semántica, o contexto, a sintaxe, a paráfrase e a pragmática.

No que atinxe aos enfoques lexicais, Albano explora o ensino do léxico e a relación entre a fluidez verbal e a aprendizaxe de expresións fixas (Lewis, 1993 e 2000). Lewis

¹⁸ «O estudantado consciente de que unha L2 é moito máis ca un sistema de conexións arbitrarias sentido-forma son susceptibles de adoptar prácticas frutíferas de aprendizaxe» («Les apprenants qui sont conscients qu'une L2 est bien plus qu'un système de connexions arbitraires sens-forme sont susceptibles d'adopter des pratiques fructueuses d'apprentissage», Boers e Lindstromberg, 2008, p. 18).

¹⁹ No marco da lingüística cognitiva e á luz das investigacións de Cacciari (1993).

²⁰ Non se trata de usar terminoloxía científica: cómpre atopar un modo de expresión intelectual prescindindo do afectivo e simplificando a expresión ao máximo.

²¹ Para estudantes xermanofalantes de FLE (Ettinger ápd Lorenz-Bourjot e Lüger, 2001).

afirma que a linguaxe se constitúe de sintagmas prefabricados e non de vocabulario.²² Albano tamén detalla os tipos de unidades lexicais que distingue Lewis e as técnicas de aprendizaxe que propón: mapas conceptuais ou «árbores de palabras» para consolidar a memorización, actividades centradas sobre todo no descubrimento da L2 indo da escoita á lectura, a repetición e a tradución paso a paso. Subliña que o enfoque lexical será máis eficaz «combinado cunha aproximación á concienciación lingüística (*Language Awareness Approach*). Desta maneira, os materiais de aprendizaxe e o profesorado podería axudar mellor ao estudantado a tomar consciencia das colocacións» («combinée avec une approche de sensibilisation linguistique (*Language Awareness Approach*). C'est de cette manière que les matériels d'apprentissage et les enseignants peuvent mieux aider les étudiants à prendre conscience des collocations», Torres Ramírez, 2012, p. 247).

Cualificándoa de innovadora, Albano presenta a seguir o enfoque de González Rey (2002-2023), quen define a fraseodidáctica como o estudo do ensino, da avaliación e da creación do material pedagóxico para a fraseoloxía. Ela clasifica as expresións fixas seguindo varios criterios²³ e describe as dimensións do ensino da fraseoloxía segundo o tipo de expresión. Por exemplo, para a dimensión sociolingüística, considera as fórmulas rutineiras, as expresións gráficas e as colocacións, que se empregarán na fala e na escrita. Tamén adopta un método gradual, comezando pola LM antes da LE: expresións rutineiras, expresións gráficas simples e despois máis complexas, colocacións e paremias. Albano coidouse de mencionar os manuais publicados por González Rey: *Le Français idiomatique* (2007) e *La méthode Phraséotext – Le Français idiomatique* (2016, 2023).

Tamén expón outros enfoques para ensinar a fraseoloxía en FLE, nomeadamente o de Galisson (1984, 1991), quen propuxo un manual para estudantes de nivel avanzado e, máis adiante, un dicionario de expresións fixas.²⁴ Cavalla e Crozier (2005, 2007) elaboraron un método para ensinar o léxico dos afectos (emocións e sentimentos) no ámbito universitario (níveis A2-B1). No que atange o léxico transdisciplinario, Cavalla (2014) subliña que o dominio dese léxico implica o seu emprego sintagmático (morfoloxía e variacións sintácticas) e o seu uso semántico-pragmático (Cavalla, 2014, p. 110). Para ensinalo, propón as seguintes etapas: o coñecemento do léxico transdisciplinario, a súa mobilización en función do xénero textual, a planificación da escrita e a integración no texto.

²² Para Sinclair (1991), a colocación representa un elemento organizador interno do léxico. Segundo Nattinger e De Carrico (1992, p. 32), «é a nosa capacidade de utilizar expresións léxicas a que nos axuda a falar correctamente. Este discurso prefabricado presenta simultaneamente as vantaxes dunha busca máis eficaz e [pode permitirlle] ao estudantado [ter en conta] a estrutura xeral do discurso, en lugar de enfocarse nas palabras ao tempo que se centran na súa produción» («c'est notre capacité à utiliser des expressions lexicales qui nous aide à parler couramment. Ce discours préfabriqué présente à la fois les avantages d'une recherche plus efficace et [peut permettre] aux apprenants [de prendre en compte] la structure plus large du discours, au lieu de le centrer de manière ciblée sur les mots au fur et à mesure de leur production»).

²³ A pluriverbalidade, a frecuencia, a fixación, a desautomatización, a institucionalización, a idiomaticidade, a figuratividade, a iconicidade, a opacidade, a ambigüidade, a distancia, a repetición, a reproducibilidade, os rexistros, a arbitrariedade, o valor metafórico, a remetaforización, os elementos expresivos e os procedementos de produción.

²⁴ Albano precisa que este último presenta dúas eivas: a incoherencia na presentación e a clasificación temática das expresións.

Finalmente, Albano examina o estado da investigación en fraseodidáctica do FLE en Italia. Cita as aproximacións didácticas de Cardona (2000-2008), que privilexia as estratexias de aprendizaxe e de memorización baseadas en experiencias emotivas positivas. O seu enfoque inspírase na lingüística cognitiva e suxire non limitarse a expresións descontextualizadas. No proxecto LEKO²⁵ (2013-2016) en contexto plurilingüe alemán-italiano organízanse os fraseoloxismos en tres clases: frasemas referenciais, comunicativos e estruturais (Zanasi *et al.* 2021). O proxecto estableceu un corpus de producións escritas de estudantes xermanofalantes, avaliadas segundo o MERC. Os erros analízanse en termos de forma, de sentido, de estrutura sintáctica e de causa (transferencia inter- ou intralingüística).

Por último, Albano detense no estado da pescuda en fraseodidáctica do FLE no contexto universitario italiano, citando varias autorías que traballaron en dicionarios, gramáticas e manuais escolares. Algúns dos traballos trataron de acometer as dificultades ligadas ao recoñecemento e á didactización da fraseoloxía (Proxecto FRAME,²⁶ Frassi, 2018; Conenna, 2022; Albano, no prelo). Frassi (2018) elaborou unha secuencia didáctica seguindo as propiedades sintáctico-semánticas da colocación, inspirándose na Teoría Sentido-Texto (TST) e na Lexicoloxía Explicativa e Combinatoria (LEC). Conenna traballou nun enfoque contemporáneo ao ensino de secuencias poliverbais, promovendo unha fraseodidáctica dos proverbios para persoas adultas italo falantes que aprendan FLE. Albano (de próxima aparición) formulou unha secuencia didáctica da variación lexical dos proverbios en crioulo antillano e dos seus equivalentes en francés para estudantes adultas italo falantes nun contexto universitario.

Constatamos que Albano logra, a través das diferentes partes desta obra, elaborar unha síntese teórica exhaustiva das diferentes teorías lingüísticas clave en relación coas definicións de palabra, frase, fixación e fraseoloxía, integrando as perspectivas de Saussure, Bally, Bloomfield, Martinet e outras lingüistas importantes. Iso permítenos contextualizar a noción de fixación nun marco teórico sólido e de comprender mellor as diferentes categorías fraseolóxicas. A autora esforzase en clarificar os conceptos complexos como «morfema», «monema», «lexema» e «lexía», apoiándose en definicións precisas e en exemplos pertinentes. Ademais, o afondamento nos mecanismos de formación, neste caso, na analogía e na aglutinación, pon de manifesto os procesos dinámicos que sustentan a creación de novas unidades fraseolóxicas, ofrecendo unha perspectiva diacrónica interesante. A creación está suxeita a diferentes dimensións da linguaxe (morfolóxica, sintáctica, léxica, semántica, fonética, pragmática e conceptual) e, por suposto, a restricións (Polguère, 2008; Mejri, 2011). Este enfoque facilita a comprensión das distincións sutís entre as unidades lingüísticas. A tentativa de categorización das unidades fraseolóxicas, co apoio en autorías clave (Rey, 1997; Martin, 1997; González Rey, 2002 e 2008; Cowie, 1981; Mel'čuk, 1998; Burger *et al.*, 2007), ofrece unha visión

²⁵ Este proxecto veu a luz grazas a distintos traballos de fraseoloxía (Burger *et al.*, 2007), de lingüística de corpus (Paquot e Granger, 2012; Paquot, 2015), e de lexicografía (Urzi, 2009; Lo Cascio, 2012). Contén recursos didácticos que parten da análise de corpus fraseolóxicos.

²⁶ Un proxecto internacional (FRaseologia Multilingue Elettronica) que procura desenvolver unha didáctica das secuencias polilexicais baseada nas gramáticas de construcións.

de conxunto das diferentes aproximacións e clasificacións posibles. A presentación da categorización de González Rey (2021) é particularmente interesante, posto que achega unha perspectiva recente e potencialmente máis clara sobre a fraseoloxía.

Albano amosou un grande interese polos enfoques cognitivos: explicita os estudos sobre as metáforas conceptuais nas expresións idiomáticas (Lakoff e Johnson, 1980 e 1999; Gibbs, 1980-1990) que permiten abordar a cuestión do significado e da interpretación das UF baixo unha ollada cognitiva na que os procesos mentais, a analogía, a pertinencia, a comparación e outros permiten concibir o sentido das expresións idiomáticas. O rol crucial da metáfora conceptual na comprensión das expresións idiomáticas explícase polo feito de que a decodificación das expresións fixas pasa pola decodificación da metáfora, das analogías e das categorías conceptuais. A presentación de diferentes modelos de tratamento das expresións fixas (lista idiomática, codificación simultánea, interpretación convencional, configuración) permite comprender os mecanismos cognitivos potencialmente implicados na comprensión e na produción destas expresións. A autora establece ligazóns pertinentes entre a transparencia das construcións fixadas, a polisemia das palabras que as compoñen e os procesos de categorización postos en marcha polas persoas interlocutoras. Esta análise permite entender mellor os factores que inflúen na dificultade de adquisición e de procesamento das expresións fixas en LE. Así, Albano presta particular atención ás diferentes perspectivas teóricas no seo da lingüística cognitiva do estudo e do ensino da fraseoloxía: aborda a evolución das correntes cognitivas partindo do cognitivismo clásico ata chegar aos desenvolvementos máis recentes, as achegas das neurociencias, as gramáticas de construcións, a noción de motivación e os vínculos coa tradución. A aprendizaxe lingüística da man de especialistas cognitivistas na didáctica pasa pola codificación, a memorización e a recuperación da información. Albano (2020 e 2024) propón unha clasificación *ad hoc* dos idiomatismos que fornece dunha ferramenta potencialmente útil para a análise e o ensino das expresións idiomáticas. O papel crucial da motivación na aprendizaxe das construcións fixadas recórdanos que a comprensión dos vencellos entre forma e sentido facilita a retención na memoria e a adquisición.

Co seu interese polos enfoques didácticos, confirmamos que Albano ofrece un panorama amplo e detallado das diferentes aproximacións ao ensino da fraseoloxía, dos traballos pioneiros de Bally ás investigacións máis recentes (a escola alemá; González Rey, 2002-2023; Cavalla, 2014 etc.). Malia a rareza dos traballos centrados na fraseodidáctica, Albano considera diferentes contextos de aprendizaxe, como o ensino de FLE en Italia, e pon sobre a mesa as especificidades dalgúns proxectos e traballos que permite situar as diversas perspectivas e comprender a evolución da disciplina.

A riqueza das referencias teóricas pode tornar ardua a lectura, mesmo para as persoas expertas nos diferentes dominios mencionados ao longo da obra. As definicións de palabra, sintagma, frase, morfema, monema, locución... son suficientemente claras, mais poderían beneficiarse dunha maior cantidade de exemplos concretos e variados para ilustrar os conceptos teóricos. Isto axudaría a visualizar máis doadamente os fenómenos lingüísticos descritos. Os dous primeiros capítulos poderían considerarse descritivos, ao

presentaren as distintas definicións e teorías, sen que a autora tome unha posición ou defenda unha tese particular. Unha análise máis crítica das abordaxes podería enriquecer o obxectivo, nomeadamente para o concepto de composicionalidade e a súa relación coa fixación. Constatamos a ausencia dun vínculo que destaque as implicacións das diferentes definicións e teorías para a análise da fixación; en outras palabras, como é que influen as distintas perspectivas na nosa comprensión das unidades fraseolóxicas e do seu funcionamento na lingua?

A introdución do concepto de desautomatización permite matizar a noción de fixación total e explorar as dinámicas de creatividade e de variación lingüística. Así e todo, a parte que lle foi dedicada, malia interesante, precisaría un maior desenvolvemento con exemplos detallados para cada categoría. Así mesmo, Albano presenta distintas perspectivas sobre a desautomatización sen tomar unha posición clara. A análise podería profundar no impacto do contexto e das intencións das persoas interlocutoras no proceso de desautomatización seguindo a dimensión pragmática.

No que atinxe a aprendizaxe das expresións fixadas, Albano cínxese á súa comprensión máis que á súa produción, polo que a introdución de estratexias pedagóxicas que busquen mellorar a produción do estudante podería ser beneficiosa. Outro punto que semella ausente é o da dimensión sociocultural, que pode influír na adquisición e no emprego das construcións fixas. A autora subliña a falta de modelos didácticos baseados nas gramáticas de construcións; mesmo así, a visión presentada dos enfoques cognitivistas parece positiva, sen que se aborden os seus límites ou as críticas que se lle imputan.

Albano ofrece unha base teórica sólida para o estudo da fixación, ao sintetizar as principais aproximacións lingüísticas e poñendo en claro os conceptos clave. A integración dos principios da lingüística cognitiva permite comprender mellor os mecanismos cognitivos implicados na adquisición e no procesamento das expresións fixas. Isto pode dar lugar a estratexias pedagóxicas máis eficaces, baseadas na motivación, na iconicidade e na conceptualización. Non obstante, a densidade teórica, a ausencia de exemplos concretos e o enfoque descritivo exhaustivo limitan a súa accesibilidade e o impacto crítico. A exploración polo miúdo da fraseoloxía, cunha abordaxe da súa definición, das dimensións, das categorías e dos enfoques teóricos á luz das gramáticas de construcións ofrece un marco teórico para analizar e ensinar as expresións fixas como unidades da lingua de pleno dereito. Deste xeito, supérase unha visión tradicional da gramática eponse de manifesto a creatividade e a flexibilidade da lingua. Por outra banda, o ensino da fraseoloxía amósase estreitamente vencellado á dimensión cultural da lingua; a importancia de comprender os valores, as crenzas e as prácticas culturais que subxacen ás expresións fixas semellan un factor clave para acadar a competencia comunicativa. Os corpus auténticos, como os de textos literarios, de artigos de prensa ou de conversacións gravadas, alén doutros corpus informáticos, poden permitirlles ás persoas que aprendan linguas estranxeiras descubrir as expresións fixas en contextos reais e familiarizarse co seu emprego natural, de xeito que logren unha competencia comunicativa plena.

Referencias bibliográficas:

- Albano, M. (2020). *Les expressions figées en didactique du Français Langue Étrangère*, Tese de doutoramento, Université Sorbonne Nouvelle.
- Albano, M. (2024). Pour une définition des phraséologismes schématiques du type [X + être + ADJ + dét./de/que + Y] en langue française : problèmes et perspectives. *I fraseologismi schematici: questioni descrittive e teoriche*, Casadei, F. & Kösters Gensini Sabine E. (dir.), Roma, Aracne, 117-134.
- Albano, M. (próxima aparición). Pour une parémiologie didactique de la variation lexicale : le cas des proverbes créoles antillais et des proverbes français, *Testi e Linguaggi*.
- Bally, Ch. (1951 [1909]). *Traité de stylistique française*, vol. I et II, Genève et Paris, Librairie Georg & Cie et Librairie C. Klincksieck.
- Bloomfield, L. (1984 [1933]). *Language*, Chicago, University of Chicago Press.
- Bobrow, S. & Bell, S. M. (1973). On catching on to Idiomatic Expressions. *Memory & Cognition*, 1, 343-346.
- Boers, F. & Lindstromberg, S. (2008). How Cognitive Linguistics Can Foster Effective Vocabulary Teaching. *Cognitive Linguistic Approaches to Teaching Vocabulary and Phraseology*, Boers, F. & Lindstromberg, S. (dir.), Berlin/ Nova York, De Gruyter, 1-61.
- Cacciari, C. (1989). La comprensione delle espressioni idiomatiche. Il rapporto tra significato letterale e significato figurato. *Giornale italiano di psicologia*, XVI (3), 413-437.
- Cacciari, C. (1993). The Place of Idioms in a Literal and Metaphorical Word. *Idioms: Processing, Structure and Interpretation*, Cacciari, C. & Tabossi, P. (dir.), Hillsdale, N.J., Lawrence Erlbaum.
- Cacciari, C. (2001). *Psicologia del linguaggio*, Bologna, Il Mulino.
- Cardona, M. (2000). Il lexical approach e i processi della memoria: alcune convergenze. *La formazione di base del docente di italiano per stranieri*, Dolci, R. & Celentin, P. (dir.), Roma, Bonacci.
- Cardona, M. (2008). La comprensione e produzione di idioms : aspetti psicolinguistici e riflessioni glottodidattiche. *Studi di Glottodidattica*, 3, 45-64.
- Cavalla, C. (2014). Collocations transdisciplinaires : réflexion pour l'enseignement. *Outils et méthodes d'apprentissage en phraséodidactique*, González Rey, M. I. (dir.), Bruxelles, EME & Inter Communications, 151-170.
- Cavalla, C. & Crozier, E. (2005). Expérience d'enseignement de l'expression des Emotions-Sentiments en classe multiculturelle de FLE. *Diversités culturelles et apprentissage du français*, Bertrand, O. (dir.), Paris, Editions Polytechnique, 57-70.
- Cavalla, C. & Crozier, E. (2007). *Émotions-Sentiments*, Grenoble, Presses Universitaires de Grenoble.
- Chiss, J-L., Filliolet, J. & Maingueneau, D. (2016 [1977]). *Introduction à la linguistique française. Tome 1 : Notions fondamentales, phonétique, lexicale ; Tome 2 : Syntaxe, communication, poétique*, Paris, Hachette.
- Conenna, M. (2022). Proverbes et discours diplomatique : un exemple de didactisation. *Thélème. Revista complutense de estudios franceses*, 37(2), 159-171.

- Ettinger, S. (1998). Einige Überlegungen zur Phraseodidaktik. *Europhras 95. Europäische Phraseologie im Vergleich : gemeinsames Erbe und kulturelle Vielfalt* (Studien zur Phraseologie und Parömiologie), Eismann, W. (dir.). vol. 15, Bochum, Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer, 201-217.
- Ettinger, S. (2014). Le problème de l'emploi actif et / ou de connaissances passives des phrasèmes chez les apprenants de langues étrangères. *Outils et méthodes d'apprentissage en phraséodidactique*, González Rey, M. I. (dir.), Bruxelles, EME & InterCommunications, 17-38.
- Fillmore, Ch. J., Kay, P. & O'Connor, M. C. (1988). Regularity and Idiomaticity in Grammatical Constructions : The Case of Let Alone. *Language*, 64 (3), 501-538.
- Frassi, P. (2018). L'enseignement/apprentissage de la la collocation entre contraintes grammaticales et contenu sémantique. *Études de linguistique appliquée*, 189 (1), 63-84.
- Galisson, R. (1984). *Les expressions imagées*, Paris, Clé International.
- Gibbs, R. W. J. (1980). Spilling the Beans on Understanding and Memory for Idioms in Conversation. *Memory & Cognition*, 8, 149-156.
- Giora, R. (1997). Understanding Figurative and Literal Language: The Graded Salience Hypothesis. *Cognitive Linguistics*, 8(3), 183-206.
- Goldberg, A. (2006). *Constructions at Work*. Oxford/Nova York, Oxford University Press.
- González Rey, M. I. (2002). *La phraséologie du français*. Toulouse, Presses Universitaires du Mirail, (1^o edición).
- González Rey, M. I. (dir.) (2007). *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon, E.M.E.
- González Rey, M. I. (2007). *A Multilingual Focus on Contrastive Phraseology and Techniques for Translation*. Hamburg, Kovač.
- González Rey, M. I., Bárdosi, V., Dufays, J-L., Sierra Soriano, A., Ruiz Quemoun, F., Solano Rodríguez, M. Á., Nicolas, C. & Babío Barreiro, R. (2023 [2016]). *Nouveau phraséotext - Le français idiomatique: une double méthode de phraséodidactique et de phraséotraduction du FLE*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- Gross, G. (1996). *Les expressions figées en français ; noms composés et autres locutions*. Paris, Éditions Ophrys.
- Gross, M. (1993). Les phrases figées en français. *L'information grammaticale*, 59, 36-41.
- Johnson, M. (1987). *The Body in the Mind : the Bodily Basis of Meaning, Imagination, and Reason*. Chicago, University of Chicago Press.
- Kühn, P. (1994). Pragmatische Phraseologie : Konsequenzen für die Phraseographie und Phraseodidaktik. *Europhras 92. Tendenzen der Phraseologie forschung*, Sanding, B. (dir.), Bochum, Brockmeyer, 411-428.
- Lakoff, G. (1987). *Women, Fire and Dangerous Things: What Categories Reveal about the Mind*, Chicago/London, Chicago University Press.
- Lakoff, G. & Johnson, M. (1999). *Philosophy in the Flesh: The Embodied Mind and its Challenge to Western Thought*. Chicago/Londres, Chicago University Press.

- Lépinette, B. (2011). La difficile émergence de la notion de figement dans l'histoire de la grammaire (XVI-XVII siècles). *Le figement linguistique : la parole entravée*, Anscombe, J.-C. & Mejri, S. (dir.), Paris, Honoré Champion, 317-338.
- Lewis, M. (1993). *The Lexical Approach : The State of ELT and the Way forward*. Hove, Language Teaching Publications.
- Lewis, M. (2000). *Teaching Collocation: Further Developments in the Lexical Approach*. Hove, Language Teaching Publications.
- Lüger, H.-H. (1997). Anregungen zur Phraseodidaktik. *Beiträge zur Fremdsprachenvermittlung*, 32, 69-120.
- Martin, R. (1997). Sur les facteurs du figement lexical. *La locution entre langue et usages*, Martins Baltar, M. (dir.), Fontenay SaintCloud, ENS Éditions, 291-305.
- Mejri, S. (2009). Figement, défigement et traduction. Problématique théorique. *Figement, défigement et traduction; Fijación, desautomatización y traducción, Rencontres Méditerranéennes*, Mejri, S. & Mogorrón Huerta, P. (dir.), 2, 153-163.
- Mejri, S. (2011). Figement, collocation et combinatoire libre. *Le figement linguistique : la parole entravée*, Anscombe, J.-C. & Mejri, S. (dir.), Paris, Honoré Champion, 63-78.
- Mejri, S. (2013). Figement et défigement : problématique théorique. *Pratiques Linguistique, littérature, didactique*, 159-160.
- Nattinger, J. R. & DeCarrico, J. S. (1992). *Lexical Phrases and Language Teaching*, Oxford/Nova York, Oxford University Press.
- Ortony, A., Reynolds, R. E. & Arter, J. A. (1978). Metaphor Theoretical and Empirical Research. *Psychological Bulletin*, 85 (5), 919-943.
- Polguère, A. (2008). *Lexicologie et sémantique lexicale. Notions fondamentales*. Montréal, Les Presses de l'Université de Montréal.
- Ramachandran, V. S. & Blakeslee, S. (2003). *La donna che morì dal ridere*. Milan, Mondadori.
- Rey, A. (1997). Phraséologie et pragmatique. *La locution, entre langue et usages*, Martins-Baltar, M. (dir.), Lyon, ENS Éditions, 333-346.
- Rizzolatti, G., Fogassi, L. & Gallese, V. (2001). Neurophysiological Mechanisms Underlying the Understanding and Imitation Function. *Nature Reviews Neuroscience*, 2, 661– 670.
- Roché, M. (2011). Quelle morphologie ? *Des unités morphologiques au lexique*. Roché, M., Boyé, G., Hathout, N., Lignon, S. & Plénat, M. (dir.), Paris, Lavoisier, 15-37.
- Rosch, E. (1978 [1968]). Principles of Categorization. *Cognition and Categorization*, Rosch, E. & Lloyd, B. B. (dir.), Hillsdale, NJ, Lawrence Erlbaum Associates, 27-48.
- Rosch, E. & Lloyd B. B. (1978). *Cognition and Categorization*. Hillsdale, Lawrence Erlbaum Associates.
- Saussure, F. de (1967 [1916]). *Cours de linguistique générale*. Edition critique préparée par Tullio de Mauro, Paris, Éditions Payot & Rivages.
- Sinclair, J. (1991). *Corpus, Concordance, Collocation*. Oxford/Nova York, Oxford University Press.

- Skoufaki, S. (2008). Conceptual Metaphoric Meaning Clues in Two Idiom Presentation Methods. *Cognitive Linguistic Approaches to Teaching Vocabulary and Phraseology*, Boers, F. & Lindstromberg, S. (dir.), Berlín/Nova York, De Gruyter, 101-133.
- Tomasello, M. (2004 [1999]). *The cultural origins of human cognition*. Harvard, Harvard University Press.
- Torres Ramírez, A. (2012). The Lexical Approach: Collocability, Fluency and Implications for Teaching. *BIBLID Revista de lenguas para Fines Específicos*, 18, 237-254.
- Weinrich, H. (1966). *Linguistik Der Lüge*, Heidelberg. Lambert Schneider Verlag.
- Zanasi, L., Konecny, Ch., Autelli, E. & Abel, A. (2015). *LEKO. Lexemkombinationen und typisierte Rede im mehrsprachigen Kontext*, 2015, en línea :<http://www.leko-project.org>.

Amal Arrame
Université Ibn Zohr (Marrocos)
ORCID: 0000-0002-7639-278X
a.arrame@uiz.ac.ma